

■ RAMÓN ■

**NO TENGO MÁS  
REMEDIO QUE DIMITIR.  
NO SABRÍA CUÁL  
DE LAS DOS MOCIONES  
DE CENSURA  
VOTAR**

**SR. HORMAECHEA****Nunca nada é**

XOSÉ MEJUTO

**N**UNCA nada é. Nunca. Iso dicíamo Alberte xa hai ben anos. No 82 gañan os socialistas: un estoupidio de utopía políticamente correcta, Marx xa ficara moi atrás, Luis Gómez Llorente tamén se arredara do partido ao se decatar de que o cerne do discurso de González era a esterilidade do pragmatismo. Xan xa me advertira daquela. Non che han nacionalizar a banca. Estes pactaron con Suárez e cos poderes reais do país (hainos). Non te fagas moitas ilusións. E Alberte veña teimar no mesmo: nunca nada é. Non a nacionalizaron: preferiron dirixila dende un Banco de España inzado de tecnócratas que falaban de modernizar o aparello productivo coa mesma paixón coa que logo investiron en bolsa. Nunca nada é. Lembra o afervoado trunfo da revolución sandinista. Daniel Ortega. Quince anos despois, incapaz de frear o desartellamento do Frente Sandinista de Liberación Nacional. O fermoso pulo revolucionario

do sandinismo esmagado pola *realpolitik* reaganiana e, após unha década, deitado na lama da fin da historia. Xan xa xogaba daquela a profeta da apocalipse. Imos perder, dígocho eu. Chamoume o outro día. Ernesto Cardenal deuse de baixa do FSLN. Non quere xogar ao caudillismo e ao peche de filas. Non quere ouvir falar de centralismo democrático e demás ladañas totalitarias. Non é que traicione a causa: segue a ser marxista, pero non comparte a infalibilidade do líder, o patriotismo de partidos. Eu xa cho avisara, di Xan. Tes razón, dígolle apálico, derrotado.

¿Nunca nada é? ¿De verdade que todo está resolto de antemán? Vaiche ben na vida, ¿non?, pois lembra a máxima que legou Francisco Franco á nosa memoria colectiva: *Haga como yo, no se meta en política*. Nunca coma hoxe foi tan perigosa a tentación do nihilismo. E sei que Alberte —o seu escepticismo é mobilizador— ha concordar comigo.

■ HABITACIÓN PROPIA ■

**O retorno de Cromwell**

MARÍA XOSÉ PORTEIRO

**O**NDE se atopa o centro de Formación Profesional para un/unha monarca?. ¿Hai algúna garantía de que a transmisión xenética sexa máis coidada nos descendentes de reis ca nos demás? ¿Sinten e padecen coma nós ou realmente son diferentes? Se Antonio García Trevijano e a súa particular Corte dos Milagres madrileña utilizaran estes argumentos en vez de falar de crise do sistema, seguro que calaría más fondo nos corazóns dos españoles na súa cruzada republicana. Así o están a facer os británicos e teñen na picota á segunda monarquía máis vella do mundo por mor dos problemas emocionais do herdeiro ó trono.

Un Dylan Thomas vivo ainda reinventaría a súa teoría poética do amor (... «para o home orgulloso e afastado non escribo... escribo para aqueles amantes que arrodean cos seus brazos as mágoas dos séculos...»); entre trago e trago atraería ó seu carón ó Príncipe de Gales, el que

representou o máis puro e inconformista espíritu galés, e lle tiraría das almidonadas orellas para facerlle ver que a ausencia de felicidade o converten no máis plebeo dos seus súbditos. O amor —ou a súa procura— ameaza con se-la tumba dunha institución cimentada nas relacións de conveniencia e na máis rancia hipocrisia protocolaria; da mesma institución que tivo en Enrique VIII o cénit do «divorcio á británica maneira» para xustifica-lo sacrificio das súas sucesivas consortes pola necesidade de dar un herdeiro ó trono de Inglaterra: igual que fai agora o eterno aspirante á coroa da súa nai para explicar o seu casamento e posterior repudio de Diana Spencer. Unha institución que cinco séculos despois, tan podre como daquela, rematou por encallar nas rochas da necesidade de afecto non previstas polos preceptores dos reis. Hoxe, a fantasma de Cromwell sobrevoa os tellados do palacio de Buckingham.

**El maldito embrollo de la PSV**

PEDRO ALTARES

**T**IRIOS y troyanos de acuerdo: peor el remedio que la enfermedad. El auto del juez de Delitos Monetarios, Miguel Moreiras, con su espectacular y nunca vista fianza de 65.000 millones (aplazada ahora desde los tres días a un mes) para cubrir la responsabilidad civil subsidiaria en el caso de la PSV, no sólo no ayuda a solucionar el problema de los cooperativistas, sino que, por el contrario, sume el asunto en un berenjenal jurídico de difícil, por no decir imposible, salida. Con efectos secundarios, además, de incalculable trascendencia sociopolítica, como sería poner en peligro la existencia de UGT.

De modo que en lugar de lamentarse de las críticas, podría reflexionar sobre su tendencia a la improvisación y a no medir todas las consecuencias de sus actos. En todo este maldito embrollo del fiasco de la PSV, con todo tipo de responsabilidades, dejaciones y megalomaniás, lo más importante es que a esos miles de cooperativistas se les resarza en sus derechos y consigan una vivienda. La solución era muy difícil pero parecía encaminada con el crédito del ICO respaldado por la hipoteca sobre el patrimonio de la UGT. El embargo dictado por el juez vuelve a poner todo ello patas arriba. Así las cosas, es imprescindible simplificar el caso y salir, como sea, del atolladero. Alguien ha definido el auto del juez Moreiras como un elefante entrando en una cacharrería. De modo que, antes de que se rompan todos los platos, se hace imprescindible sacarle de ella.

■ PÁGINAS SOLTAS ■

**O que se quiere ver**

MARINA MAYORAL

**M**OITA xente pensa que os negros son menos intelixentes que os brancos, e aseguran de boa fe que a súa crenza non é un prexuízo senón que deriva da experiencia histórica. Por unha parte, os negros non fixeron causa de proveito ó longo de séculos e doutra, na actualidade, coas mesmas oportunidades para todos, resulta que son más pobres, teñen peores traballos e cometendo más delitos que os brancos.

Agora nun libro recente, *The bell curve (A curva en campana)*, dous profesores americanos proporcionan argumentos científicos para esa actitude. Tras oito anos de estudio e mediante a aplicación de probas de intelixencia a nenos asiáticos, negros e brancos, chegan á conclusión de que o coeficiente mental dos negros está quince puntos por

debaxo do das outras etnias.

Estes datos recordáronme inmediatamente os comentarios dun colega, catedrático de Ensinanzas Medias en Ceuta. Estaba convencido da inferioridade intelectual dos mouros e esgrimía como dato irrefutable o rendemento académico. Contábame que tiveran que duplicar as clases e enseñar separadamente a españoles e nativos porque, cando compartían aula, a diferencia era tan chamativa que orixinara a protesta dos pais e das autoridades, que acusaban ós profesores de discriminación. Para poder darriles sobreexaltantes ós nativos houbo que poñelos á parte; é dicir, baixar o nivel.

O erro de interpretación do meu colega é, á pequena escala, o mesmo que o libro dos americanos trae de novo ó plano da actualidade: as des-

vantaxes históricas e o sesgo racial e cultural das probas de intelixencia deforman os resultados obtidos. Os negros —como as mulleres— non son más burros senón que parten de máis abaixo, cun enorme lastre social, e, para colmo, están sendo medidos con instrumentos inadecuados. Pero isto é tan obvio que quizás o problema sexa máis fondo.

En definitiva, trátase de que non vemos senón o que queremos ver. En Brighton en 1886 celebrouse un congreso médico no que se chegou á conclusión de que o estudio prexudicaba á función reproductora das mulleres. Os feitos non deixaban lugar á dúbidas: as mulleres con estudos tiñan menos fillos que as analfabetas; ergo, a instrucción feminina provocaba esterilidade. Pois cos negros, o mesmo.

**¡Qué país!**

ANDRÉS ABERASTURI

**M**E imagino que los ingleses, los franceses y los italianos (los alemanes menos) dirán lo mismo que nosotros de vez en cuando: ¡Qué país!. Porque cada cual aguanta su vela como mejor puede y mientras los tribunales lavan y lavan las manos sucias de Italia, la monarquía inglesa no deja de escandalizar.

Aquí tenemos un poco de todo, desde corrupción a estupidez y, para colmo, nos llegan a Barcelona la pandilla esa de cretinos llamados *hooligans* (o algo así) que son una muestra inequívoca de la capacidad de convivencia de los hijos de la Gran Bretaña.

La única fobia que de verdad me come las entrañas es la que siento por estos ingleses del Manchester en particular y por los que veranean —me sigo refi-

riendo a los ingleses— en Benidorm sean o no forofos o aficionados al fútbol; pocas cosas hay tan vomitivas como un inglés hortera y borracho.

Pero decía ¡qué país! porque hoy me coge la vida cansado y como de vuelta y sólo me preocupan las historias cotidianas. Sólo quiero mover la cabeza entre asombrado y negativo cuando me cuentan que, por si algo le faltaba al animoso ministro Atienza, ahora resulta que la Organización Mundial de la Salud ha dicho que incluso un chato de vino en las comidas es cosa mala.

¡Pero coño... si hasta Cervantes lo aconsejaba! Empiezo a creer en la conjura europea, en la Europa de los necios, en el contubernio, en todo.